


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA FRANCESA

CURSO 2022-2023

2º- 4º ESO

2º BACHARELATO



I.E.S ALEXANDRE BÓVEDA-Vigo

María González Fernández

INDICE:

Introdución e contextualización.....	4
Composición e organización do departamento	
Reparto de grupos. Reunión do departamento.	
Libros de texto e outros materiais didácticos .	
Criterios de cualificación.....	5
Procedementos de avaliación.	
Instrumentos de avaliación .	
Medidas de atención á diversidade.....	10
Recuperación da materia pendente.....	10
Acción de contribución ao proxecto lector.....	11
Accións de contribución ao plan TIC.....	12
Actividades extra escolares.....	13.
Avaliación inicial. Procedementos para a súa realización.....	14
Accións de contribución ao plan de convivencia.....	14
Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro.....	15
Educación en valores.....	18

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Contribución ao logro das competencias clave.....	19
Obxectivos da ESO. Introducción.....	21
Obxectivos da etapa.....	22

2ºESO

Criterios de avaliación e concreción dos mínimos.....	25
Instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.....	47
Contidos de 2 º ESO por unidades.....	48

4º ESO

Criterios de avaliación e concreción dos mínimos.....	53
Instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.....	88
Contidos de 4º de ESO por unidades.....	88

Temporalización.....	94
----------------------	----

BACHARELATO

Procedementos para acreditar os coñecementos previos. Introducción.....	95
Obxectivos de etapa.....	96

Materiais e recursos didácticos.....	97
Temporalización.....	98
Competencias clave.....	98
Metodoloxía didáctica.....	100
Criterios de avaliación e concreción dos mínimos.....	101
Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contidos. Bacharelato.....	128
Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe	141
2º BACHARELATO	
Contidos por unidade 2ºBach.....	151
Medidas de atención á diversidade.....	175

INTRODUCCIÓN

No curso escolar 2022-2023 o Departamento de Francés do I.E.S Alexandre Bóveda está composto por tres profesoras, dúas con destino definitivo e unha con destino provisional pertencente ó Departamento de Inglés coa materia afín Francés.

COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

Compoñen este departamento Mercedes Pérez Pérez, Tania Rodríguez e María González Fernández, xefa de departamento.

Neste centro impártese o francés como segunda lingua estranxeira.

Como materia optativa en 1º e 2º con dúas horas semanais, en 3º e 4º de ESO con 3 horas semanais, con 4 horas en 1º de Bacharelato, en 2º de Bacharelato con 3 horas semanais.

-Reparto de grupos

Mercedes Pérez Pérez :

Francés 2ª lingua 2º Bacharelato :1 grupo

Francés 2ª lingua 4º ESO: 2 grupos

Francés 2ª lingua 2º ESO: 2 grupos

Francés 2ª lingua 1º ESO: 2 grupos

Tania Rodríguez:

Francés 2ª lingua 1º ESO: 1 grupo

María González Fernández:

Francés 2ª lingua 1º de Bacharelato: 1 grupo.

Francés 2ª lingua 3º ESO: 1 grupo

Francés 2ª lingua 2º ESO: 3 grupos

Francés 2ª lingua 1º ESO: 2 grupos

Reunión de departamento

O horario de reunión de Departamento queda fixado o luns ás 18.15 h.

3-LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS DIDÁCTICOS

Segunda lingua estranxeira

1º ESO: Club Parachute 1 (Santillana) Libro do alumno e Caderno de Exercicios

2º ESO: Club Parachute 2 (Santillana) Libro do alumno e Caderno de Exercicio

3º ESO: Club Parachute 3 (Santillana) Libro do alumno e Caderno de Exercicios

4º ESO: Club Parachute 4 (Santillana) Libro do alumno e Caderno de Exercicios

1º Bacharelato: Nouvelle Génértation A2-B1 (Santillana)

2º Bacharelato À plus 4 (Maison des langues)

OUTROS MATERIAIS DIDÁCTICOS

Aula virtual

Fichas para mellorar a gramática e o léxico Música, vídeos,

Documentos audio.

Dicionarios

DVD. Películas. Internet.

Fichas de exercicios aplicados a Internet

Libro dixital

Diversas novelas de lectura fácil adaptada ao nivel dos alumnos

Xornais, revistas

Folletos, planos, guías turísticas ,cartas de restaurantes e todo tipo de documentos auténticos.

Carteis e xogos para dramatizar situacións habituais da vida cotiá como ir de compras, ao médico, chamar por teléfono etc....

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota das avaliacións obterase a partir da valoración do traballo diario e da nota das probas escritas e orais.

A nota final da avaliación será a media ponderada das notas dos coñecementos e da valoración das actitudes.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos que se utilizarán para avaliar serán os seguintes:

1. Control do traballo diario, preguntas orais, exercicios escritos, deberes, cadernos, lecturas, exercicios, traballos,

probas curtas etc...

2. A proba das leccións estudadas incorporando nelas o contido lingüístico e funcional practicado na clase e utilizando as mesmas técnicas e estratexias: lecturas, exercicios escritos, audicións, exercicios orais, xogos de rol é dicir a suma dos exercicios de expresión e comprensión oral e escrita.

Para avaliar a comprensión e expresión orais farase con actividades do tipo: *Écoute et complète. Demande à un(e) camarade. Pose des questions à ton/ta camarade questionnaires.*

*Écoute et associe. Imagine des dialogues. Continue la chanson. Fais des phrases. Réponds aux questions, as instrucións do profesor na aula: Ouvrez vos cahiers.prenez votre livre etc...*e toda a interacción oral que ten lugar na aula.

A avaliación da capacidade para desenvolverse oralmente en situación interactivas e utilizar as estratexias e recursos que aseguren a comunicación co interlocutor farase mediante a lectura expresiva en voz alta, a expresión de opinión persoais, a escenificación de diálogos, entrevistas, cuestionarios, xogos de memorización etc....

Para avaliar a comprensión e expresión escritas as probas versarán sobre textos auténticos ou creados para a clase, sinxelos de extensión limitada. As actividades para avaliar a capacidade do alumno serán de tipo *.Lis et complète.Lis et associe. Lis et trouve. Lis et réponds*, así como actividades de verdadeiro/falso, preguntas de comprensión etc....

A avaliación da capacidade para comunicarse por escrito de xeito ordenado, con incorreccións que non afecten ó esencial da mensaxe faranse aténdose á capacidade demostrada polos alumnos/as para redactar textos sinxelos relativos as principais intencións comunicativas e respectando as convencións de comunicación escrita (uso de maiúsculas, signos de puntuación e aqueles elementos que aseguren a cohesión e coherencia do texto) Actividades para avaliar este aspecto son as incluídas baixo o encabezado de *Recopie et complète. Invente les conversations. Écris un article. Écris un message. Écris une lettre* etc.... Así coma a redacción de cuestionarios, horarios, anuncios, descripcións, estrofas de cancións, etc.....

SEGUNDO DE ESO

Na nota final de avaliación, o 1º apartado (citado anteriormente), xunto coa asistencia puntual á clase, traer o material necesario á clase, o mostrar interese nas tarefas, atender e preguntar dúbidas, a organización do traballo, o ser respectuoso e observar as normas de convivencia, rexeitar a violencia física e verbal e respectar as diferencias serán o 30% da nota, e 50% para a expresión e comprensión escritas e 20% para a comprensión e expresión orais. Haberá que acadar como mínimo un 3 en cada un dos apartados para facer a media.

APARTADO 1 (traballo diario, tarefas, caderno, interese, participación, etc...)	COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITAS	COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAIS
30%	50%	20%

A nota final do curso será a media ponderada das tres avaliacións, sendo a 3ª avaliación a máis importante por tratarse dunha avaliación continua (30% para a primeira avaliación, 30% para a segunda e 40% para a terceira)

Antes de realizarse a sesión da 3ª avaliación e final que se levará a cabo a partir do 22 de xuño, se o alumno/a suspende 2 avaliacións ou a 3ª avaliación, deixarase ao criterio do profesorado a posibilidade de facer un exame global en función das características do alumnado.

A avaliación será positiva o alcanzar un 50% do total: 5 de 10.

CUARTO DE ESO

Na nota final de avaliación, o 1º apartado (citado anteriormente), xunto coa asistencia puntual á clase, traer o material necesario á clase, o mostrar interese nas tarefas, atender e preguntar dúbidas, a organización do traballo, o ser respectuoso e observar as normas de convivencia, rexeitar a violencia física e verbal e respectar as diferencias serán o 20% da nota. 60% para a expresión e comprensión escritas e 20% para a comprensión e expresión orais. Haberá que acadar como mínimo un 3 en cada un dos apartados para facer a media.

Haberá en 4º de ESO un libro de lectura obrigatorio que será avaliado dentro da comprensión e expresión escrita.

APARTADO 1 (traballo diario, tarefas, interese, participación etc)	COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITAS	COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAIS
20%	60%	20%

A nota final do curso será a media ponderada das tres avaliacións, sendo a 3ª avaliación a máis importante por tratarse dunha avaliación continua (30% para a primeira avaliación, 30% para a segunda e 40% para a terceira)

Antes de realizarse a sesión da 3ª avaliación e final que se levará a cabo a partir do 22 de xuño, se o alumno/a suspende 2 avaliacións ou a 3ª avaliación, deixarase ao criterio do profesorado a posibilidade de facer un exame global en función das características do alumnado.

A avaliación será positiva ao alcanzar un 50% do total: 5 de 10.

2º BACHARELATO

A comprensión e expresión escritas representará o 70% da nota da avaliación e a comprensión e expresión orais

o 30%.

Haberá que acadar como mínimo un 3 en cada un dos apartados para facer a media.

O libro de lectura obrigatorio será avaliado dentro da comprensión e expresión escrita.

COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITAS	COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAIS
70%	30%

A nota final do curso será a media ponderada das tres avaliacións, sendo a 3ª avaliación a máis importante por tratarse dunha avaliación continua (30% para a primeira avaliación, 30% para a segunda e 40% para a terceira).

A avaliación será positiva o alcanzar un 50% do total: 5 de 10.

Por outra parte se o alumno/a suspende 2 avaliacións ou a 3ª avaliación, deixarase ao criterio do profesorado a posibilidade de facer un exame global en función das características do alumnado.

A avaliación será positiva ao alcanzar un 50% do total: 5 de 10.

Se o alumno obtén unha cualificación negativa na convocatoria ordinaria deberá presentarse ao exame da avaliación extraordinaria para recuperar a materia. Na avaliación extraordinaria o alumno/a terá que superar os contidos mínimos correspondentes aos 5 bloques de contidos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En toda clase atópanse alumnos con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, e perséguese o obxectivo de que todo alumno participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materias posibilita que todos os alumnos/as podan atopar algún que vaia co seu estilo de aprendizaxe. En canto á necesidade de atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe, existe un gran número de actividades destinadas a ese fin. Ademáis o novo material axuda ao profesor a utilizar metodoloxías que respondan ás diferencias individuais na aula, proporcionándolle nunha carpeta material complementario chamado precisamente “diversidade” con diversas suxerencias de actividades de ampliación e reforzo.

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

1. Os alumnos/as que promocionan coa materia pendente e seguen a cursar Francés poden recuperala ao longo do curso. O profesor prestaralles especial atención apoiándoos para que poidan superar as súas deficiencias. Se estes alumnos aproban as dúas primeiras avaliacións do curso no que están matriculados aprobarán automaticamente o Francés do curso anterior. De non ser o caso terán dereito ao exame que a tal efecto se realiza en maio.

2. Aqueles que non seguen a cursar a materia deben recuperala. A marcha da súa recuperación será realizada pola xefatura do departamento quen atenderá ao alumnado para informar, resolver dúbidas, proporcionar materiais de reforzo e facer o seguemento da aprendizaxe da materia. A xefa de departamento estará a disposición dos alumnos no ~~segundo~~ recreo e dentro do seu horario de xefatura de departamento.

Para aprobar a materia entregaráselles un traballo que deberán presentar no mes de febreiro (este ano o 28 de febreiro) co que poderán acadar a puntuación máxima de 3 puntos .

No mes de maio deberán presentarse ao exame que avaliará a comprensión e expresión escritas co que poderán acadar unha puntuación máxima de 7 puntos.

Para poder sumar a nota do traballo ,a nota mínima do exame non poderá ser inferior a 3 puntos. .

O resultado de estas dúas probas determinará a superación ou non da materia pendente.

De non aprobar a materia por esta vía, o alumno deberá presentarse ao exame extraordinario da materia.

Nos dous casos (apartado 1 e 2) o exame de recuperación será de contidos mínimos e avaliarase a expresión e comprensión escritas.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Ten como finalidade fomentar a lectura e a escritura para a adquisición das competencias clave así como ensinar estratexias de comprensión lectora.

O plan lector ten como obxectivo fundamental fomentar a lectura e a escritura para a adquisición das competenciasclave. Na materia de Francés, por exemplo, os alumnos están continuamente traballando a lectura e a comprensión lectora, así como a escritura.

Traballarase con todo tipo de textos: literarios, xornalísticos, publicitarios e tanto en soporte impreso como en soporte electrónico.

As actividades a desenvolver na clase serán variadas:

_lectura e comprensión

_creación dun léxico cas novas palabras adquiridas

_exercicios de verdadeiro/falso

_lectura en voz alta atendendo á pronunciación e entoación

En 2º de ESO a lectura na aula farase con poemas de autores francófonos, bandas deseñadas e/ou lecturas adaptadas acordes ao seu nivel.

A partir de 4º ESO o alumnado terá ademáis un libro de lectura obrigatorio anual acorde ao seu nivel.

LIBROS RECOMENDADOS PARA A ESO:

Os da collection" Evasion lectures en français facile", de Santillana.

Nivel 1 e 2 para 2º ESO

Nivel 3 e 4 para 4º deESO

LIBROS RECOMENDADOS PARA BACHARELATO

Para 2ª bacharelato utilizamos libros e fragmentos de autores clásicos e contemporáneos franceses como:

Albert Camus « La Peste » Victor Hugo, « Les misérables » Guy de Maupassant, « Le horla », Antoine de St Éxupéry « Le petit prince », Émile Zola « L'assommoir », Marie Cardinal « La clé sur la porte », "Antéchrista" Amélie Nothomb, Jules Verne, « Le tour du monde en 80 jours », "Je l'aimais" Anna Gavalda, Guillaume Musso ou calquera outro autor que se considere de interese para o nivel do alumnado.

O obxectivo destas lecturas é permitir ao alumno un mantemento máis seguro do vocabulario et das estruturas da lingua, grazas á lectura guiada. É importante tamén destacar o interese que estas lecturas supoñen a nivel fonético.

Este plan de lectura entra dentro do proxecto do IES Alexandre Bóveda polo que o Departamento de Francés ten deseñado medidas específicas para estimular o interese e o hábito de lectura.

É importante tamén o manexo na clase dos dicionarios para aprender o mellor uso dos mesmos, con búsqueda guiada e tamén libre.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.

Este departamento está a traballar no plan de integración das Novas Tecnoloxías da Información e comunicación(TIC) aplicadas ao ensino do francés. Tratamos de buscar páxinas Web que sexan de interese para os diferentes grupos e niveis, como le point fle.net, Bonjour de France , etc...xa que consideramos que internet constitúe unha axuda considerable de recursos.

Ao longo do curso faranse actividades do tipo:

Utilización da Aula Virtual para entrega de tarefas, repaso de léxico e de gramática.

Saber utilizar o dicionario bilingüe en liña.

Ver partes do telexornal francés ou outros tipo de programas de televisión.

Buscar información para traballos ou murais. Facer exercicios de repaso gramatical ou léxico. Ver películas, video-clips ou reportaxes.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES PARA ESO E BACHARELATO

Aprendizaxe da lingua estranxeira complétase con diversas actividades se a situación sanitaria o permite.

ACTIVIDADES VISUAIS:

Proxección de vídeos e películas adaptadas a cada nivel e relacionados coa cultura francesa.

ACTIVIDADES GRÁFICAS:

Acceso a xornais e revistas francesas, escollendo artigos e documentos adaptados aos seus coñecementos, para poder estar en contacto coa actualidade francesa.

ACTIVIDADES INFORMÁTICAS:

Por medio dos ordenadores dispoñibles no centro, os alumnos poderán entrar en contacto con xoves franceses por medio de blogs ou de chats.

ACTIVIDADES CULTURAIAS:

- Os alumnos poderán asistir a obras de teatro de autores da literatura francesa (organizadas fora do centro) ou proxeccións cinematográficas; a Alliance Française organiza todos os cursos proxeccións de películas.

- Aprender da cultura e gastronomía bretona elaborando crêpes e degustándoas co Atelier de Crêpes de Jérémy.

- Terán tamén a posibilidade de viaxar a Francia en viaxes culturais ou de intercambio no marco de programas institucionais ou ~~organizados polo Departamento de Francés~~.

- Realizaránse tamén actividades específicas para Nadal e para o día da Francofonía.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1 - Contacontos en francés. A actividade terá lugar no noso instituto.

Mes de novembro (luns 7, a confirmar): alumnado de 3º - 4º ESO.

Febreiro (data a fixar): 1º - 2º ESO.

O actor propón que os alumnos asistentes non superen os 50.

O custo é de 200 euros por sesión / 300 por dúas.

2- Asistencia ó Festival Festinéma organizado pola Alliance Française , onde proxectan películas de tema social de actualidade.

Normalmente programada no primeiro trimestre. Alumnado de 4º ESO, 1º e 2º de Bacharelato.

3- Elaboración e degustación de crêpes. Data a determinar, normalmente, segundo ou tercer trimestre. (3º ESO).

4- Enviamos a solicitude para participar no programa de intercambio de alumnado de 3º ESO e 4º ESO de centros educativos de Galicia e das rexións de Bretagne et de Hauts de France (GALIMIENS) durante o curso 2022-2023 (Resolución do 14 de xullo de 2022)..

AVALIACIÓN INICIAL.PROCEDEMENTOS PARA A SÚA REALIZACIÓN .

O material didáctico do que dispón a Seminario, neste caso o libro do alumno, dispón dunha unidade 0 que nos permite realizar esta avaliación inicial. Tanto na comprensión e expresión escritas, como na comprensión e expresión orais, existen unha serie de actividades que permiten realizala. Utilizaranse pois estas unidades para avaliar os coñecementos dos alumnos.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O departamento de Francés colaborará co Observatorio de Convivencia do centro educativo en todo o que lle sexa requirido.

Igualmente e nos ámbitos do Claustro do Profesorado e da Comisión de Coordinación pedagóxica colaborará na adecuación do Regulamento de Réxime Interno á Lei 4/2001 de 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e en todos aqueles aspectos que lle competan ou que lle poidan competir no futuro desenvolvemento normativo de dita Lei.

Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Esta avaliación é realizada con respecto a tres momentos do exercicio da práctica docente:

- a programación
- o desenvolvemento
- a avaliación

Se propone la siguiente ficha de autoevaluación de la práctica docente:

MATERIA:		CLASE:
PROGRAMACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Os obxectivos didácticos foron formulados en función dos estándares de aprendizaxe evaluables que concretan os criterios de avaliación.		
A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.		
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.		
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.		
a programación foi realizada en coordinación co resto do profesorado.		
DESENVOLVEMENTO		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Antes de iniciar unha actividade, foi feita unha introdución sobre o tema para motivar ós alumnos e saber os seus coñecementos previos.		
Antes de iniciar unha actividade, foi exposto e xustifico o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.), e foron informados sobre os criterios de avaliación.		

Os contenidos e actividades foron relacionados cos intereses dos alumnos, e foron construídos sobre os seus coñecementos previos.		
Ofreceuse ós alumnos un mapa conceptual do tema, para que sempre estean orientados no proceso de aprendizaxe.		
As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e tipo de agrupamento, e favoreceron a adquisición das competencias clave.		
A distribución do tempo na aula é adecuado.		
Foron utilizados recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.).		
Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que, no seu caso, sepan pedir aclaracións.		
Foron facilitadas ós alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, cómo buscar información, cómo redactar e organizar un traballo, etc.		
Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula.		
As actividades grupais foron suficientes e significativas.		
O ambiente da clase foi adecuado e productivo.		
Foi proporcionada ó alumnado información sobre o seu progreso.		
Foron proporcionadas actividades alternativas cando o obxectivo non se alcanzou en primeira instancia.		
Houbo coordinación con outros profesores.		
AVALIACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Foi realizada unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.		
Foron utilizados de maneira sistemática distintos procedementos e		

instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.		
Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.		
Foron proporcionadas actividades e procedementos para recuperar a materia,		

tanto ós alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.		
Os criterios de calificación propostos foron axustados e rigurosos.		
Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación: criterios de calificación e promoción, etc.		

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tomando a competencia lingüística como punto de partida, a aprendizaxe do francés ofrece a posibilidade de contribuir á adquisición tanto de competencias

en campos máis cercans e inmediatos, como poden ser as competencias social e cidadá, artística e cultural, ou ben mais persoais, utilizando recursos e estratexias propias, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, tratamento da información e competencia dixital; pero tamén desenvolve capacidades vinculadas ao mundo matemático e ao mundo físico.

Incide na formación xeral e contribúe a desenvolver as capacidades da linguaxe e da comunicación. Mais especialmente e en relación coas finalidades desta etapa, prepara ao alumnado para usar esa lingua nos seus estudos posteriores ou na súa inserción no mundo do traballo." (Consideracións xerais sobre a Segunda Lingua estranxeira).

Por outra parte, a aprendizaxe das linguas estranxeiras é un elemento fundamental para a comunicación entre os homes de distintos países, supón unha vontade de cooperación, un interese pola pluralidade cultural, ademais da súa incidencia na maior preparación para o mundo laboral. Novamente referímonos ao texto do Real Decreto: "A aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira incide na formación xeral e contribúe a desenvolver as capacidades da linguaxe e da comunicación. Mais especialmente e en relación coas finalidades desta etapa, prepara ao alumnado para usar esa lingua nos seus estudos posteriores ou na súa inserción no mundo do traballo." (Consideracións xerais sobre a Segunda Lingua estranxeira).

Mantémolo interese polas **materias transversais**: a finalidade que se persegue é que os adolescentes poñan en práctica a través destas materias o seu xuízo crítico en relación cos problemas e os conflitos sociais, persoais ou de relación, para seguidamente ser capaces, fronte a estos, de ter actitudes e comportamentos baseados en valores racionais e libremente asumidos. A transversalidade contribúe así (mais alá da simple transmisión dos coñecementos) á formación do carácter, polo desenvolvemento das capacidades de autonomía, de creatividade, de sociabilidade e de intervención sobre o medio ambiente, para a súa transformación e mellora.

Mais alá da transmisión de coñecementos relacionados con outras materias do currículo, o que se pretende, é reforzar a conciencia de que aprender a lingua francesa non é un fin en si, se non un medio de acceder a outros coñecementos. Pero resulta moi proveitoso para a aprendizaxe do idioma en si que os alumnos muden a perspectiva e, por uns momentos, atópanse na mesma situación cos alumnos franceses da súa idade (estudando xeografía, por exemplo).

Os valores e actitudes que se traballan son os seguintes: **igualdade** (non discriminación, non dominación), **solidariedade** (fronte ás diferentes formas de explotación e de egoísmo), **xustiza** (defensa dos dereitos individuais e colectivos, oposición cando estes son lesionados), **liberdade** (oposición a calquera tipo de escravitude e de non recoñecemento do espazo reservado para as decisións persoais), **saúde** (reacción fronte á desvalorización do corpo e do benestar en xeral).

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na aprendizaxe do francés contribuírase ao desenvolvemento, en grao e maneira distinta ás 7 competencias clave:

A competencia en comunicación lingüística(CCL) e á que máis se contribúe, pola propia natureza da materia e pola metodoloxía empregada, dirixida esencialmente á comunicación. As actuacións que máis contribúen ao seu desenvolvemento son:

Comprender e expresar,
adaptar a comunicación ao contexto,
uso de habilidades lingüísticas e non lingüísticas, coñecer e usar as regras propias do intercambio comunicativo,
toma de decisións razoadas na busca e selección da información,coñecer que fontes poder utilizar, que información seleccionar en cada unha delas, como usar a mesma para completar e contrastar coa previa, como utilizala en situacións e contextos distintos aos traballados na aula. Ser consciente da existencia de convencións sociais, distintos valores e contextos sociais e culturais que precisan dunha adecuación para que a comunicación se produza sen cortes, que permita poñerse no lugar das outras persoas.

Ser consciente da intención comunicativa das persoas falantes.

En definitiva esta materia está encamiñada ao desenvolvemento das destrezas de escoitar, falar, ler comprensivamente e expresarse por escrito, con grao progresivo e tendo en conta os elementos socioculturais presentes na lingua empregada, fundamentais para desenvolver esta competencia.

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT). Dende esta materia contribúese ao desenvolvemento desta competencia dende o momento que se traballa e se busca lograr habilidades para interpretar e expresar con claridade informacións, datos e argumentos. Dende o momento que se elaboran e interpretan textos expresados a través de escalas, gráficos, etc. Dende o momento que se traballan estratexias para avanzar hipóteses, a deducir partindo do xa coñecido, a empregar estratexias para seguir aprendendo, ferramentas indispensables para o acceso a outras aprendizaxes.

A competencia dixital(CD) está intimamente relacionada con esta materia dende o momento que o obxectivo prioritario é a comunicación e o tratamento da información. A busca, selección e tratamento da información, tan vencellada a esta materia acudindo ás novas tecnoloxías é indispensable nos tempos actuais: acudir a fontes dixitais, acentuando o fomento do espírito crítico ante o uso dalgunha delas así como o emprego destas tecnoloxías como ferramenta

para organizar a información e procesala, para a elaboración e presentación dos traballos elaborados, de forma progresiva, con autonomía crecente é totalmente esencial.

Competencia de aprender a aprender(CAA). Desenvolverase esta competencia a través do fomento da autoavaliación, do recoñecemento das capacidades e dificultades propias e do esforzo e afán por solucionar os problemas tan pronto se vaian detectando, fomentando o esforzo e a perseverancia.

Desenvolverase así mesmo fomentando o tratamento do erro como medio para aprender: onde se errou, por que, como solucionaralo, como evitalo en casos semellantes ou diferentes.

Desenvolverase fomentando que o alumnado reflexiona e chega a coñecer como aprende mellor, como recorda mellor, como organiza os seus tempos, as informacións, etc.

Desenvolverase fomentando a adquisición de habilidades para buscar información, coñecer as posibles fontes, como chegar a elas, como seleccionar posteriormente a información obtida e como reutilizala.

A competencias sociais e cívicas(CSC) están presentes dende a concepción da lingua como elemento primeiro nas relacións sociais, como vehículo para a interacción coidando os aspectos sociais e culturais que están presentes nela, procurando seleccionar as formas de comunicación tendo en conta as convencións sociais existentes, favorecendo o coñecemento doutras costumes, hábitos e fomentando o respecto e tolerancia ante elas. O grao de tolerancia entre o alumnado mesmo nas interaccións de aula, o emprego das fórmulas axeitadas a cada caso de comunicación nas simulacións de aula indicarán como se vai desenvolvendo esta competencia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE).

Precisa para o seu desenvolvemento todo o indicado anteriormente e ampliar co fomento progresivo de traballo en autonomía, tanto con traballos individuais como en grupo. Incidir na autoestima, eliminar o medo ante as producións, a expoñer diante dos demais, a aceptar as discrepancias.

Traballar para que asimilen a existencia da súa responsabilidade, a necesidade de asumir as situacións, buscando solucións cando xurda un problema de aprendizaxe, de relación co grupo, etc.

Fomentando o coñecemento e posta en práctica das fases presentes en todo proxecto, por moi pequeno que sexa, que planifiquen, que verbalicen as necesidades para acometelo, que tomen decisións, que contrasten o traballo realizado, que reconduzan se é preciso, que sexan coidadosos coa elaboración e presentación.

Conciencia e expresións culturais (CCEC) estará presente na medida das anteriores. Non se desenvolve dunha maneira directa senón na medida da súa presenza, como cultura dun país, na lingua en estudio e tamén a través dos textos traballados lingüísticos e non lingüísticos manifestación das obras artísticas presentes non países de fala francesa.

A presenza da diversidade cultural paralela á diversidade lingüística e o fomento do coñecemento e actitudes de respecto ante os demais están presentes contribuindo a que o alumnado teña espírito crítico, manifeste edesenvolva capacidades creativas e coñeza e respecte as existentes noutros lugares e culturas.

OBXECTIVOS DA ESO

INTRODUCCIÓN

A presente programación para o curso 2022-2023 concreta o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para a materia de Francés, no currículo de ESO neste instituto.

A materia de Francés, presente nos catro anos desta etapa, ten un carácter progresivo, polo que a meirande parte dos elementos que a compoñen son os mesmos para os catro anos, variando no grao de complexidade, dificultade das estruturas e amplitude do léxico en cada un dos cursos.

A ensinanza e aprendizaxe desta materia xirará ao redor do desenvolvemento das destrezas de comprensión (oral e escrita), expresión (oral e escrita), coñecemento progresivo do sistema da lingua francesa e elementos socio – culturais dos países francófonos.

Partirá das destrezas receptivas (escoitar e ler) para logo pasar ás produtivas (expresión oral e escrita).

O inicio será sempre oral para logo pasar á escrita, sobre todo nos primeiros cursos.

Os elementos gramaticais así como o léxico traballado estarán contextualizados, permitindo o correcto coñecemento e uso da lingua en estudio a través dun enfoque comunicativo. Así mesmo recolle as achegas dende esta materia aos proxectos Lector e de TIC do centro

Os obxectivos perseguidos, á parte de contribuír ao desenvolvemento de todas as competencias clave serán o logro das capacidades seguintes no alumnado:

- **Comprender mensaxes orais**, relativas a situacións de comunicación producidas no entorno do alumnado, partindo do máis próximo.

necesarias para situacións reais ou simuladas na propia aula e a través de medios de reprodución e de comunicación, así como aqueles que proporcionen información relativa a temas previamente traballados.

- **Comprender mensaxes escritas** referidas a situacións de comunicación habitual e doutras que conteñan información, de dificultade progresiva, e expresadas en diferentes tipos de textos e a través de diversas fontes.
- **Expresarse oralmente** en situacións de comunicación, en interaccións reais ou simuladas na aula para atender ás necesidades básicas e/ou obter información, procurando unha boa entoación e ritmo que facilite a comunicación e o coñecemento da intención das persoas interlocutoras, producindo textos correctos en autonomía progresiva.
- **Expresarse por escrito**, en cantidade e dificultade progresiva, respectando as regras que correspondan a cada caso, adecuándose ás necesidades comunicativas e á variedade de textos, procurando unha esmerada presentación.
- **Ler de forma comprensiva** textos en lingua francesa, acudindo a fontes e tipoloxía variadas para obter información e como lecer. **Coñecer o funcionamento do sistema da lingua** francesa, comparando e reflexionando sobre as estruturas desta e das linguas xa coñecidas, aproveitando a experiencia da súa aprendizaxe, acudindo ás estratexias que lles poida favorecer o razoamento e interiorización da nova lingua en estudio.
- **Coñecer os aspectos socioculturais** máis característicos dos países que falan francés, en especial Francia, rexeitando estereotipos e respectando as diferenzas.

OBXECTIVOS DA ETAPA

1- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos, respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio de cidadanía democrática.

2- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio

de desenvolvemento persoal.

3-Valorar e respectar a diferenza de sexos e igualdade de dereitos a oportunidades entre eles. Rexeitar adiscriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres ,así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

4-Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade nas súas relacións coas demais persoas,así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

5- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías,especialmente as da información e a comunicación.

6- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

7- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar,tomar decisións e asumir responsabilidades.

8- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega ,na lingua castelá,textos e mensaxes complexas ,e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

9- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizan achegas importantes á cultura e á sociedade ou a outras culturas do mundo.

10- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferencias, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais,e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo,o coidado dos seres vivos, e o medio ambiente , contribuindo á súa conservación e á súa mellora .

11- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

12- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

13- Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial as pertencentes á comunidade lusófona.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONCRECIÓN DOS MINIMOS.2ºESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia clave	Mínimos
<p>Saber preguntar e dicir a idade</p> <p>Utilizar os posesivos co léxico da familia para falar da súa</p> <p>Saber situar un obxecto no espazo con sur, sous, devant, derrière</p> <p>Saber dar e comprender ordes ou consellos co imperativo</p> <p>Saber expresar pertenza ou posesión cos adxectivos posesivos.</p> <p>Coñecer o léxico referido ás partes do corpo e ás relación de parentesco .</p> <p>Relacionar obxectos co seu nome para identificar os sons [z] e [ø]</p> <p>Comprender en que consiste a liaison e esforzarse en</p>	<p>Bloque 1: Comprensión de textos orais: Comprender o contexto e a información global e específica dos diálogos escoitados referida ás partes do corpo e a situación de mans e brazos ao respecto doutras partes: cabeza, ollos ...</p> <p>Comprender nun diálogo a información referida á presentación dunha familia e as relacións de parentesco entre os seus membros.</p> <p>Comprender unha situación de doenza nalgunha parte do corpo</p> <p>Relacionar obxectos co seu nome para identificar os sons vistos na</p>	<p>CCL,CAA,CCEC,CD</p>	<p>Comprender o contexto e a información global e específica dos diálogos escoitados referida ás partes do corpo e a situación de mans e brazos ao respecto doutras partes: cabeza, ollos ...</p> <p>Comprender nun diálogo a información referida ás relacións de parentesco entre os seus membros</p>



<p>realizar as básicas (pronome suxeito + forma verbal, c'est + vocal...)</p> <p>Non ler o –s final das palabras .</p>	<p>unidade</p>		
<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Eatándares de aprendizaxe</p>	<p>Competencia clave</p>	<p>Mínimos</p>

<p>Desenvolverse de compras nun comercio, saber pedir o que se busca, preguntar o prezo ...</p> <p>Saber describir o seu look .</p> <p>Saber facer comentarios sobre as prendas de vestir.</p> <p>Saber preguntar e dicir a causa.</p> <p>Saber preguntar e dicir a hora:</p> <p>Saber falar das tarefas cotidianas (facer a compra, facer os deberes...)</p> <p>Coñecer as formas e usos dos adxectivos demostrativos.</p> <p>Saber conxugar en todas as persoas do presente os verbos “être” e “faire”.</p> <p>Coñecer o diferente tratamento da forma “vous”.</p> <p>Identificar e achegarse a boa pronuncia ou lectura dos patróns sonoros</p>	<p>Bloque 2: Producción de textos orais:</p> <p>Saber responder a preguntas sobre á súa familia .</p> <p>Saber falar da súa familia a partir dunha foto .</p> <p>Ser quen de facer preguntas para saber onde se atopa un obxecto e saber respondelas .</p> <p>Saber responder a preguntas para indicar o que lle pertence a un utilizando os adxectivos posesivos.</p> <p>Saber dar un consello ou unha instrución a alguén que ten un problema utilizando o imperativo.</p> <p>Interpretar cun compañeiro diálogos da unidade</p>	<p>CCL,CAA,CCEC,C D</p>	<p>Saber responder a preguntas sobre á súa familia.</p> <p>Ser quen de facer preguntas para saber onde se atopa un obxecto e saber respondelas .</p> <p>Saber responder a preguntas para indicar o que lle pertence a un utilizando os adxectivos posesivos, no contexto escolar .</p>
